

As mulleres contra a “Hermandad”

A DEFENSA DA LABRANZA DO RURAL DE PONTEVEDRA NOS ANOS 50

Nos anos 50 do século pasado case todo o mundo se dedicaba á labranza na parroquia pontevedresa de Santa María de Alba. A xente vivía do campo e traballábanse incluso as terras que noutrora “foran de toxo” para plantar trigo e centeo; para o pan, que era o que había daquela, nos anos de escaseza e miseria do franquismo.

Dúas tabernas, a do Laparuzas (aínda hoxe en activo nun local próximo) e a taberna Corinto eran os únicos negocios da parroquia. Estes servían de punto de encontro da veciñanza e neles bebíase, comíase, mercábase o aceite, o arroz... e tiñan lugar algúns dos principais acontecementos da vida social.

As mulleres, como era habitual no rural galego, estaban moi ligadas á terra xa que eran elas a pedra angular da casa entendida como unidade de produción que englobaba o agro, o gando, os traballos no monte, os coidados... Así, neste tempo, terra, casa, fogar, autoabastecemento e subsistencia eran termos sinónimos nas súas vidas.

Algunhas destas mulleres de Alba e doutras parroquias rurais de Pontevedra que vivían unha situación moi semellante á descrita participaron activamente nas accións de resistencia elevadas por grupos labregos contra os pagamentos da cota da “Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos” de Pontevedra.



A chama do conflito prendeu en 1953 cando a dirección estatal da “Hermandad” (organización que representaban o sindicalismo vertical franquista no agro, contando con centos de delegacións locais en todo o estado) vai obrigar todas as persoas posuidoras de terras de traballo a se “encadrar” dentro da súa institución e aboar a correspondente cota, que no caso do sindicato do concello de Pontevedra, viña de aumentar de xeito considerable a contía.

Rompiase así o principio de voluntarismo na afiliación, sumándose ao feito de que a “Hermandad” pontevedresa non prestaba os servizos prometidos, como eran sulfatos, sementes de patacas, arame de fío para as vides etc.

Por iso, desde ese mesmo 1953 homes e sobre todo mulleres erguéronse ante este cargo inxusto sobre as súas coñecidas e traballadas terras, así como contra posteriores intentos de embargo das mesmas (1956), estendéndose as accións de resistencia nas parroquias rurais de Pontevedra como Santa María de Alba, Verducido, Marcón, Campañó, Lourizán, Santo André de Xeve e Santa María de Xeve.

Inicialmente o medio de protesta foi a negativa ao pagamento das cotas, unha manifestación de desacordo ante esta medida, non unha mostra da imposibilidade de facerlle fronte. Isto puña a “Hermandad” pontevedresa nunha situación de debilidade xa que as cotas eran a súa única vía de financiamento. Ante tal “agravio” á organización franquista, outras institucións do réxime como a Cámara Sindical Oficial Agraria (COSA) e a Gobernación Civil de Pontevedra implicáronse no conflito, feito que non desalentou os actos de resistencia nin impediu que algunhas persoas chegaran acumular anos de débedas.

MULLERES CARA A CARA COAS AUTORIDADES

A resistencia ao pagamento fixo que no mesmo 1953 a “Hermandad” decidira contratar recadadores, cobradores profesionais alleos á institución que se presentaban nas parroquias, entre outros lugares, en bares como o do Laparuzas e o Corinto de Alba, coa firme intención de executar o cobramento. Pero isto non lle ía ser sinxelo pois alí atopábanse coa oposición das veciñas como a que mostrou en 1954 Dolores Barreiro Vázquez (Santa María de Alba), que “profiriu frases pouco dignas contra la Hermandad” e berrou “que la Hermandad era buena para los del Cabildo, que se enriquecían a su cuenta”, “que consintieron que se pudrieran las patatas y las tiraron al mar, antes de venderlas al pueblo que las necesitaba”, “que bien se vieron ver pasar a los camiones de la sindical cargados de estraperlo”¹.

1 Cabana, Ana; *La derrota de lo épico*, páx 105, Publicacions de la Universitat de València, 2013.



O caso de Dolores Barreiro Vázquez non foi unha excepción e é que na documentación oficial deste conflito as mulleres figuran como “culpables”² das revoltas xa eran elas as que se puñan á cabeza dos enfrontamentos cara a cara cos cobradores e outras autoridades, ademais de insistir e espallar a negativa ao pagamento. En moitas ocasións as mulleres presentábanse nos actos de acción directa acompañadas de crianzas, creando así un grupo de loita integrado polos membros da sociedade considerados febles e fráxiles; un grupo co que as forzas represoras non estaban afeitos a se enfrontar e ao que, por suposto, non podían atallar coas mesmas armas e tácticas empregadas contra homes xa que iso suporía recoñecelas como opositoras, conscientes e loitadoras.

As mulleres, pois, xogaron co estereotipo de seren “verduleras”³, de pouca intelixencia e menos formación, histéricas e extremas, de non saber o que lles era bo; significáronse mediante berros, pedras e fouciños e conseguiron arredar aos cobradores.

Manuela Otero García (Marcón), unha das grandes propietarias pontevedresas, é outro exemplo de líder na súa parroquia así como Dolores Fontán (Verducido), que en 1955 fixo fronte ás autoridades ao crer que ían embargar as arbores da súa veciña que, como ela, tampouco pagara a cota. A ela sumóuselle a súa filla e un grupo de nenas que insultaban e ameazaban ao axente da “Hermandad” e ao policía con queimalos se volvían por alí. Outro caso semellante aconteceu en Sabarís (Campañó), onde mulleres e nenas recibiron o cobrador con berros, ameazas e insultos de tal intensidade que marchou e pediu que en sucesivas ocasións o acompañase a Garda Civil.

Tras anos de loitas mínimas e cotiás, de débedas acumuladas e fouciños en alto, no ano 1956 as autoridades decidiron levar a cabo poxas públicas coas terras das persoas “morosas” o que desencadeou un novo pico da actividade de resistencia. Este foi o caso da parroquia de Alba onde, en 1956, 11 casas chegaron ao acordo de non desembolsaren as cotas provocando que o Gobernador civil anunciara o embargo e a poxa pública dunha das fincas requisadas.

Estes episodios de resistencia foron historias do común, tan mínimas como transcendentales. Constantes no tempo, organizadas, orquestradas tanto entre parroquias como dentro da propia comunidade.

Descoñécese o final desta danza de loita debido á falta de documentación histórica e á desmemoria das persoas das parroquias afectadas, o que nos pode remitir a que finalmente se fixeron os pagamentos á “Hermandad”.

2 *Ibidem*, páx 106.

3 *Ibidem*, páx 106.



Queda constancia, con todo, da valentía e afouteza coa que durante anos se defendeu o propio e o colectivo, a dignidade de saberse inxustamente sometida e da solidariedade e sentimento identitario que encarnaban as mulleres anónimas que se puxeron ante un inimigo tan grande como a súa ansia pola defensa da terra.

Grazas a Áurea Salgueiro Montes por nos permitir coñecer o contexto dos anos 50 na súa parroquia de Santa María de Alba e a Ana Cabana polo seu traballo, necesario e rigoroso, e xenerosidade á hora de compartilo.